

AVG | culturagalega.org

# A Muller Árbore

[ Guión: Carlos Amil, a partires dun conto popular africano. ]

---

Aldea de chozas no corazón de África negra. As casas están aliñadas en dúas ringleiras simétricas, e no medio delas hai unha ampla avenida. Á porta de cada casa, as MOZAS exhibense e falan de amores cos MOZOS. Algunhas MOZAS non teñen acompañante. Trátase dunha tribo de xente moi alta e fermosa, de nobre porte. Aparece KONGO, un negro achaparrado e esmirrado, ollos saltóns, cabezón, e mans grandes que case lle chegan ó chan. KONGO achégase a MOZA 1 coa intención de facerlle as beiras. Cando KONGO chega ó seu carón, MOZA 1 dáse a volta e ponse de costas ó anano. KONGO abaixa a cabeza e segue andando pola avenida ata chegar a MOZA 2. MOZA 2 sorrí, leva unha man ós beizos, e ceiba un bico. KONGO infla o peito, e medra ata chegar á altura do resto da tribo. Por detrás de el, aparece MOZO 1 e ponse a laricar con MOZA 2. KONGO frea en seco, e agora mingua e recupera a altura de seu. KONGO segue percorrendo a avenida entre os risos e as mofas dos MOZOS e MOZAS. Na última casa hai unha MOZA 3 fea, retaca, de ollos saltóns e chepuda, que tal semella a xémea de KONGO. Este repara nela e achégaselle. MOZA 3 aténdeo. KONGO está tan ledó que colle un pao tirado no chan, saca un cicel e talla un fermoso elefante para a moza. MOZA 3 colle o elefante e marcha onda MOZO 2, dálle o elefante e marcha con el do brazo. KONGO marcha da aldea.

KONGO camiña pola sabana, levando nas mans un cicel e unha pedra. De súpeto, os ollos se lle disparan. O cicel, que o leva caído, ponse en posición horizontal, sinalando a un punto que semella tirar de el.

O que tanto chama a atención de Kongo é unha fermosa árbore solitaria, un carballo, que ten nas polas pendurados uns vestidos de vivas cores.

KONGO achégase á árbore e comeza a tallalla. Golpe aquí, golpe alá, talla o corpo dunha rapaza. Cando a remata, KONGO colle un vestido e ponllo, e engalana á rapaza con brazais de ferro, aneis de cobre e perlas que leva o propio KONGO no seu corpo. De súpeto, a estatua tallada cobra vida. KONGO palmexa ledó

KONGO

Serás a miña muller. Iremos xuntos ó país por onde sae o sol. ¿Cómo te chamas?

CARBALLEIRA

Chámome Carballeira, como a árbore da que veño.

**Vanse. Polo camiño atopan un ELEFANTE.**

ELEFANTE

¡Que muller tan fermosa tes, Kongo! Ven, loitemos por ela. O que caia primeiro será o perdedor.

CARBALLEIRA

Kongo, es ben feo, feo de máis, pero o Elefante esmagaríame co seu peso. Tes que loitar con el.

KONGO

Farei canto me pidas.

**O ELEFANTE e KONGO pónense un cara o outro, a certa distancia, coma un dó do oeste, e vanse achegando paseniño, mentres CARBALLEIRA canta.**

CARBALLEIRA

¡Kongo, meu Kongo! ¡Non caias, meu Kongo! Son unha árbore salvaxe e poderosa. ¡Kongo, non caias!

No momento en que remata a canción, KONGO colle a trompa do ELEFANTE e dálle unha volta. O ELEFANTE cae ó chan.

ELEFANTE

¡Quen houbera pensado que me habías vencer!

**KONGO e máis CARBALLEIRA siguen o seu camiño. Atopan a un LEÓN.**

LEÓN

¡Que muller tan fermosa tes, Kongo! Ven, loitemos por ela. Será para o gañador.

CARBALLEIRA

Kongo, es ben feo, feo de máis, pero o León rabuñaríame coas súas garras. Tes que loitar con el.

KONGO

Farei canto me pidas.

**KONGO e o LEÓN pónense costa contra costa.**

CARBALLEIRA

Cando eu remate a canción, poderedes loitar. ¡Kongo, meu Kongo! ¡Golpea con tódalas túas forzas! Son unha árbore salvaxe e poderosa. ¡Kongo, non teñas medo!

**Cando CARBALLEIRA remata a canción, KONGO revírase rápido, colle a cola do LEÓN e bate con el na terra..**

LEÓN

¡Quen houbera pensado que habías ser máis forte ca min!

**KONGO e máis CARBALLEIRA siguen o seu camiño.**

---

**CARBALLEIRA e máis KONGO, á hora do fusco e lusco, chegan á aldea por onde sae o sol. Paran diante da primeira choza.**

KONGO

Agarda aquí. Vou ver se podo atopar un lugar onde poidamos durmir, e logo virei buscarte.

**KONGO marcha. Chegan dous SERVENTES DO XEFE e fican abraiados cando ven a beleza de CARBALLEIRA. Unha MULLER asoma a cabeza pola choza e observa o que pasa.**

SERVENTE 1

¿Quen es?

CARBALLEIRA

Son Carballeira, a muller de Kongo.

SERVENTE 2

¡Ese feo de Kongo non precisa de muller ningunha, e menos tan fermosa!

**OS SERVENTES levan a CARBALLEIRA. A MULLER volve para a choza. Ó pouco, volve KONGO que busca en van á súa muller.**

KONGO

¡Oh!, ¿quen me podería roubar á miña muller?

**Sae a MULLER da choza.**

MULLER

Eu vin ós serventes do xefe cunha extraña e fermosa rapaza. ¿Será a que buscas?

**KONGO métese outravolta na aldea.**

**KONGO** chega onda o **XEFE**.

KONGO  
Señor, roubáchesme a muller.

XEFE  
Si, Kongo. Pero ti non precisas unha muller tan fermosa. Ti es tan feo...

KONGO  
¡Devólveme á miña muller! ¡Se non ma devolves, lamentaralo!

**O XEFE** ri, e manda ós seus **SERVENTES** que se desfagan de **KONGO**.

XEFE  
¡Levádeo fóra da miña vista!

**Nese momento, sae da choza CARBALLEIRA.**

KONGO  
¡Carballeira! ¡Ven comigo!

**CARBALLEIRA** préndese do brazo do **XEFE**. **KONGO** ponse a cantar.

KONGO  
Carballeira, Carballeira, devólveme os meus galanos.  
Decidín volver so ó lugar de onde veño.

**CARBALLEIRA** devólvelle os brazais de ferro, os aneis de cobre e as perlas,  
pero queda co vestido. **KONGO** sigue cantando.

KONGO  
Carballeira, Carballeira, devólveme o vestido.  
Voume por onde viñen, sen ti e completamente so.

**O VESTIDO** esváralle a **CARBALLEIRA**. **Nese preciso momento a rapaza transfór-  
mase outravolta en árbore e comeza a medrar, a medrar, a medrar e faise tan  
grande tan grande que destrúe a choza do Xefe, e esmaga ó XEFE e ós seus  
SERVENTES. KONGO vaise.**



Consello da Cultura Galega. ([www.consellodacultura.org](http://www.consellodacultura.org))  
Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)  
Tfno: 0034981569020 / Fax : 0034981569020  
E-mail: [redaccion@culturagalega.org](mailto:redaccion@culturagalega.org)